



PROTOCOLO ESPECÍFICO PARA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DO PERSOAL DA DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍA E MINAS NO EXTERIOR

O obxecto deste Protocolo adicional, que complementa ao *Protocolo polo que se establecen a reincorporación dos empregados públicos ao traballo presencial e as medidas de prevención fronte ao COVID-19* (publicado no DOG do 9 de maio), é singularizar as medidas preventivas de actuación para realizar a reincorporación do persoal da Dirección Xeral de Enerxía e Minas ás actividades profesionais que desenvolve fora das instalacións da Xunta de Galicia (traballos en campo ou "in situ"). En todo caso seguiranse as indicacións que o Ministerio de Sanidad indique ao efecto.

No desenvolvemento das funcións que leva a cabo o persoal da Dirección Xeral de Enerxía e Minas fora das dependencias da Xunta de Galicia, realizando inspeccións, prestación de servizos a clientes (no caso do persoal do LOMG), ou outras actuacións administrativas, adoptaranse todas as medidas precisas co obxecto de garantir a protección da saúde do seu persoal; debendo terse en conta, entre outras, as seguintes medidas:

- Deberanse organizar os traballos limitando na medida do posible o número de saídas. A organización dos traballos a desenvolver debe permitir reducir o máximo posible a rotación de persoal no uso dun mesmo vehículo (cando os vehículos non sexan os privados) coa conseguinte redución de exposición ao risco, e redución dos ciclos de limpeza dos vehículos utilizados.
- Os empregados públicos levarán a cabo o seu desprazamento, en todo caso, en vehículos que deben cumprir as normas de hixiene recomendadas polas autoridades sanitarias. Tanto ao inicio como ao final do seu uso, a persoa usuaria do vehículo procederá a realizar a ventilación do vehículo e a limpeza de todas aquelas superficies que poden ser obxecto de manipulación durante o servizo a prestar ou que foran manipuladas durante o servizo prestado. En concreto, deberanse limpar todas as superficies que se tocan regularmente como o volante, a panca de marchas, o espello





retrovisor, o freo de man, os tiradores exteriores e interiores das portas, os cintos de seguridade, os asentos, os mandos de control (pancas de luces, intermitentes, limpaparabrisas, equipos de son, calefacción, etc.) utilizando unha solución hidroalcohólica ou outros desinfectantes, de acordo coas indicacións da autoridade sanitaria.

- Deberá terse en conta que os vehículos privados tamén poden ser fonte de contaminación, polo que se deberá extremar as medidas de limpeza igualmente.

- Dispoñeráse de papel dun só uso no vehículo e unha bolsa para tirar o papel usado. Igualmente dispoñeráse de solución hidroalcohólica para realizar a limpeza das mans.

- Aos efectos de minimizar a posible contaminación evitarase acceder ao interior do vehículo co calzado utilizado durante as inspeccións.

- Deberase minimizar o número de empregados públicos que se despracen para a prestación dun servizo, sendo aconsellable o uso individual dos vehículos. No caso de que se deban desprazar dúas ou máis persoas será utilizada a máscara, preferentemente cirúrxica ou hixiénica (O.M. SND/422/2020, de 19 de maio), por todos os ocupantes; procurarase que conduza a mesma persoa durante toda a xornada de traballo, e terase en conta o seguinte:

- Nos vehículos con dúas ou mais liñas de asentos poderán desprazarse dúas persoas por cada liña de asentos, sempre que utilicen máscara e respecten a máxima distancia posible entre os ocupantes (O.M. TMA/384/2020, de 3 de maio, modificada pola O.M. TMA/400/2020, de 9 de maio, e a O.M. TMA/424/2020, de 20 de maio). No caso particular de circular dúas persoas, a persoa que non conduce irá na parte traseira situada en diagonal co conductor.





- Nos vehículos do tipo furgoneta, cunha liña de asentos poderán viaxar como máximo dúas persoas, sempre que os ocupantes utilicen máscara e garden a máxima distancia posible. (O.M. TMA/384/2020, de 3 de maio, modificada pola O.M. TMA/400/2020, de 9 de maio, e a O.M. TMA/424/2020, de 20 de maio)

- Na medida do posible manterase unha pequena ventilación, coa apertura parcial dunha ventanilla, evitando o uso do climatizador/aire acondicionado.

- Cando sexa preciso repostar nunha estación de servizo serán utilizadas as luvas subministradas na propia estación de servizo (ou as luvas de protección desbotables coas que contará o empregado público, sendo desbotadas tras a respotaxe), procedendo noutro caso a realizar unha completa hixiene das mans tras a operación, con auga e xabón ou con solución hidroalcohólica.

- Dispoñeráse de autorización debidamente asinada para poder circular entre provincias.

- Tanto ao inicio da xornada laboral como á súa finalización limparanse todas aquelas superficies obxecto de manipulación durante a xornada entre as que se incluírán (no caso de dispoñer deles) o teclado de ordenador, teléfonos, tarxetas, así como todo aquel material, ferramentas e equipos de traballo que se prevexa empregar ou que fose empregado durante a xornada laboral, sempre que non sexan de uso exclusivo. A hixienización levarase a cabo con panos e/ou toallíñas desbotables impregnadas nunha solución hidroalcohólica ou outros desinfectantes, de acordo coas indicacións da autoridade sanitaria.

- En todo caso, se son dúas ou máis as persoas que interveñen no servizo a prestar (empregados públicos ou persoal das entidades/empresas nas que se levarán a cabo as tarefas) evítanse os saúdos con contacto físico, incluído dar a man, e organízanse os traballos de modo que non se compartan equipos, dispositivos ou documentación e se manteñan as distancias de seguridade aconselladas polas autoridades sanitarias (2 metros). No caso de que fora totalmente necesario compartir algún material, é



aconsellable o uso de luvas de protección desbotables, debendo aumentar as medidas de precaución e, se se pode, débese desinfectar antes de ser usado. E no caso de que non se poidan manter os 2 metros de separación entre persoas deben ser utilizadas mascarar.

- Os empregados públicos ademais dos equipos de protección individual recomendados polo servizo de prevención de riscos laborais, contarán con luvas desbotables, solución hidroalcohólica ou outros desinfectantes e máscaras adecuadas ás circunstancias concretas (e protección ocular, no seu caso), para o desenvolvemento das súas tarefas fora das dependencias da Xunta de Galicia. Convén ter en conta que non está indicado o uso de luvas desbotables de xeito continuo, e utilizaráanse unicamente o tempo axustado ao cometido a realizar, pois poden ser un foco de transmisión, e dar unha falsa sensación de seguridade; unha vez usados desbotaranse nun lugar adecuado ao efecto e se procederá á hixiene das mans.

Os empregados públicos deberán coñecer previamente o protocolo de actuación que se teña implantado no centro de destino, para, no seu caso, coordinar horarios, accesos, etc., así como dar cumprimento ás medidas impostas no mesmo. Para o caso concreto dos servizos a prestar polo persoal do LOMG nas instalacións dos seus clientes cumpriranse igualmente todas aquelas medidas de prevención de riscos facilitadas pola empresa na que se presten os servizos, no marco da Coordinación de Actividades Empresariais.

- É recomendable o uso de batas e/ou roupa de traballo, segundo as tarefas a desenvolver, debendo mantelas limpas. Estas prendas deberán ser embolsadas e pechadas para o seu traslado e lavado por parte do traballador, recomendándose un lavado cun ciclo completo a unha temperatura de entre 60 e 90° C ou utilizar aditivos para a desinfección cando o tecido non admita esa temperatura.

- Os equipos de protección individual, non poderán ser compartidos, e deberanse manter sempre limpos e en bo estado (deben ser limpados e desinfectados segundo as instrucións do fabricante).





- Por último, subliñar as seguintes normas xerais que se deben ter presentes en todo momento:

- Deberanse extremar as medidas de **hixiene respiratoria**, como ao tusir ou esberrar cubrir a boca cun pano dun só uso e desbotalo inmediatamente nun cubo con tapa e pedal, e bolsa recambiable; se non hai un pano, facelo sobre a parte interna do cóbado. Lavar as mans logo de tusir, esberrar ou soar o nariz.
- Evitarase tocar os ollos, nariz ou boca.
- Deberanse extremar as medidas de **hixiene de mans** lavándoas frecuentemente con auga e xabón, ou cunha solución hidroalcohólica. É especialmente importante o lavado das mans despois de tocar superficies potencialmente contaminadas.
- No caso de presentar febre ($>37,5^{\circ}\text{C}$) ou síntomas respiratorios, deben quedar no seu domicilio e contactar cos servizos de saúde por teléfono chamando ao 900 400 116.

É necesario subliñar a importancia de ir adaptando a información e a formación en función das medidas que vaia actualizando o Ministerio de Sanidad, para o que se require un seguimento continuo das mesmas.

